



# EDUCACIÓN INFANTIL

*Estimado pai/nai:*

*Co comezo do novo curso achegámoslle este folleto para poñer no seu coñecemento información de interese que convén conservar. Información relativa á organización do Colexio, que cómpre coñecer e respectar, posto que deste xeito estaremos todos a axudar e participar na importante tarefa educativa. En definitiva, a Educación Infantil é unha etapa educativa que ten por finalidade básica contribuir ó desenvolvemento da personalidade dos nenos/as en tódolos seus aspectos.*

*Convencidos/as de que podemos contar coa súa colaboración para todo o que redunde en beneficio do traballo educativo e, por tanto, na formación do seu fillo/a, expresámoslle o noso agradecemento persoal.*

## Información de tipo xeral

### ASISTENCIA, PUNTUALIDADE E ATENCIÓN A PAIS

É necesaria unha asistencia regular e continuada ó Centro para poder seguir adecuadamente o ritmo de aprendizaxe do grupo e non alterar o inicio da xornada. As faltas repercuten negativamente na traxectoria educativa do neno/a. Tamén convén ser moi puntuais tanto na entrada como na recollida dos nenos/as.

As sesións de clase non se deberán interrompír: Os pais/nais que desexen realizar calquera consulta ó titor/a poderano facer os martes de 16:30 a 17:30 horas, para o que deberán solicitar a entrevista con antelación suficiente, cumprimentando un impreso que se lle facilitará en conserxería ou que poderán descargar na páxina web do Centro.

### HIXIENE PERSOAL E ALIMENTACIÓN

Unha boa hixiene resulta fundamental para un crecemento san e equilibrado. Pero cando temos que convivir con outras persoas durante boa parte do día, a hixiene resulta unha obriga de respecto básico cara os demais. Os nenos/as deben asistir a clase ben aseados e almorzados. Cando na casa se detecte ou sospeite que o alumno/a estea incubando unha enfermidade infecto-contaxiosa, non se deberá mandar ó centro. Ante a presenza de parásitos, poñerase en coñecemento do Centro para que éste tome as medidas oportunas e non se convirta nunha epidemia.

### AMERENDA DO RECREO

É preferible que os alimentos que os nenos/as traian para tomar a media mañá no patio sexan baixos en graxa e colesterol (evitar a boiería), por exemplo, unha peza de froita, bodadillo pequeno, iogur bebible (com palla), etc. Evitar as chucherías e os alimentos que manchen. A froita que o requira deberá vir pelada e en anaquiños.

### MATERIA ESCOLAR

- ? Todo o material (incluídas as carpetas e os caderniños interiores) deberá vir con nome e apelidos do neno/a e traelo todo xunto antes do 24 de setembro.
- ? O mandilón será preferiblemente de abotoar e de cadriños, co nome fácilmente visible e unha cinta longa para colgar na percha. As cores diferenciadoras serán as seguintes:
  - 3 ANOS A: COR VERDE.
  - 3 ANOS B: COR AZUL.
  - 3 ANOS C: COR VERMELLA.
- ? A roupa diaria deberá ser cómoda, sen tirantes nin cintos; pantalóns sen peto e calzado sen cordóns. Tódalas prendas de quitar deberán vir marcadas con nome e apelidos e provistas dunha cinta longa para colgar.
- ? A mochila será pequena e sen rodas. Non se traerán xoguetes da casa.
- ? Para favorecer a autoestima do neno/a, "celebraranse" en clase os cumpreanos cunha pequena festa. Se ese día queren repartir algo ós compañeiros/as, consideramos que abonda con unha golosina acompañada dun globo ou similar (lápiz, marcapáxinas, etc.). As tarxetas de invitación a festas de cumpreanos a celebrar fóra do Colexio non poderán ser repartidas na aula, a non ser que sexan invitados tódolos nenos/as de clase.